

# Romance de unha Fatal Ocasión

## COMENTARIO DO TEXTO

“A presenza de Castelao nas xeirras interdisciplinares das bisbarras era agardada como o mellor galano para cantos nelas se axuntaban. E a ausencia, lamentada con seña d’á. ”

Nos traballos da Terra de Deza do 1935, á que non acodiu por atafegos políticos, os que nos axuntamos en Lalín fixémoslle unha rexoubeira ofrenda: Un Romance de unha fatal ocasión, coma se fora o poema premiado nuns supostos “Xogos Florales”, caligrafía de tódolos “seminaristas”, portada de Laxeiro, dibuxos de Gómez Román, Risco, Xocas, Lourenzo e Hermida, co mandado de amosarllo a Bóveda e a Fernández Cochón, que tampouco poideran vir. Debéramos editar un facsímile<sup>1</sup>”.

Con estas palabras resume Filgueira Valverde a motivación da composición obxecto deste estudo e edición facsímile; a ausencia de algúns seminaristas, sobre todo Alfonso Rodríguez Castelao, na xeira de 1935, concentración na que se darían por terminados os estudos que o Seminario de Estudos Galegos viña realizando na Terra de Deza.

A obra, como o seu propio título indica, ten o formato dun romance, con versos xeralmente octosílabos, de rima asonante nos pares e libre nos impares. Preséntase como un traballo composto para uns imaxinarios Xogos Florais e, como era habitual nese tipo de concursos, estaba dotado dun lema, “No hay más tarantán que buscar a Risco<sup>2</sup>”, e unha plica, elementos imprescindibles para preservar o anonimato do autor na avaliación da obra. O gañador, que resultou ser Filgueira Valverde, exerceu o seu privilexio de nomear unha raíña das festas, honra que neste caso recaeu en Teodolinda ou Teolinda de Deza, figura ficticia que tería un protagonismo especial nunha das pasaxes que se describen na composición, como veremos máis adiante.

O recoñecemento da comarca de Deza comezou no ano 1928 sobre unha delimitación xeográfica pouco precisa que se foi modificando dada a inmensa riqueza artística, arqueolóxica e etnográfica que atoparon os seminaristas na zona. Ao longo dos anos, o seu estudo compaxinou co doutros territorios coma Barbanza

<sup>1</sup> Xosé Filgueira Valverde: “Castelao e os estudos galegos”. En: *IV Adral*. Castelao na lembranza, A Coruña, 1987

<sup>2</sup> A fragilidade da figura de Risco era inversamente proporcional ao seu peso nos traballos do Seminario de Estudos Galegos. No CCIX Adral de Filgueira Valverde, Vicente Risco e o “*Seminario de Estudos Galegos*”, menciona o seu sentido do humor “onde non faltaban caricaturas, parodias, hexámetros latinos, cancións alemáns e contrafacturas dos vilancicos que nos adeprendera o sacristán de Goiás. ‘Non hai tarantán como buscar a Risco, non hai tarantán como a Risco buscar...’”, que acabou converténdose no lema do poema e parece estar inspirado nun vilancico popular que dicía así:

‘Que no hay tarantán como adorar a Cristo,  
que no hay tarantán como a Cristo adorar’.



(1928), Calvos de Randín (1929-1930) ou o gran referente de *Terra de Melide*, cuxas conclusións publicou o Seminario de Estudos Galegos en 1933 nun gran tomo que serviría de modelo na súa estrutura para editar os materiais de Deza. Aínda que as noticias de prensa da época falan da publicación de ata tres volumes, o dato máis exacto en canto á distribución das novas investigacións é a iniciativa que Sebastián González comenta con Vicente Risco e que este lle traslada a Filgueira<sup>3</sup>. Parecía idóneo repartir os contidos en dous tomos: o primeiro, de Xeografía, Ciencias Naturais, Economía, Etnografía e Folclore; o segundo englobaría os estudos de Prehistoria, Historia, Arqueoloxía e outras materias relacionadas coa parte histórica. Os materiais de Terra de Deza nunca chegaron a ver a luz conxuntamente como se tiña pensado, aínda que parece que Florentino López Cuevillas era o encargado de dirixir a unificación e edición da obra en 1936<sup>4</sup>. Pese á perda dos orixinais, é incuestionable que alcanzaron un volume e calidade nada desdeñables e moitos foron aproveitados polos seus respectivos autores para publicacións posteriores, coma a *Historia de Galiza* de Bos Aires, dirixida por Otero Pedrayo a partir de 1962.

Como é ben sabido, o Seminario de Estudos Galegos estaba distribuído en seccións dedicadas a distintas disciplinas científicas e históricas que foron variando e incrementándose co paso do tempo, dotadas dun director que contaba coa colaboración de varios discípulos. Na metodoloxía de traballo, polo xeral, cada grupo programaba os seus propios recoñecementos sobre o terreo en función da bonanza meteorolóxica e da dispoñibilidade dos seus membros. Á marxe destas actuacións, organizábanse anualmente as famosas xeiras conxuntas, que pretendían reunir o maior número de seminaristas posible e que se destinaban á posta en común e intercambio dos datos recompilados e á programación de novas zonas ou ámbitos de estudo. A súa duración era xeralmente dunha semana e reservábanse preferentemente os meses de verán, cando a duración das xornadas e o clima favorecían os traballos de campo e a asistencia dos estudantes universitarios e dos directores das seccións, moitos deles dedicados profesionalmente ao ensino, era posible. Nestas ocasións a actividade era frenética<sup>5</sup>: levantábanse moi cedo e as xornadas podían resultar esgotadoras polas distancias que tiñan que percorrer e a lentitude dos desprazamentos, a miúdo realizados a pé ou en parsimoniosas monturas locais. Cada sección centrábase no estudo do seu ámbito específico, pero recollían tamén datos doutras disciplinas que comentaban e intercambiaban nos momentos de encontro, xeralmente ao final da xornada. Era nestes instantes cando máis se botaban de menos os compañeiros ausentes e se acostumaba compoñer para eles dedicatorias conxuntas que enviaban mesmo ao estranxeiro. Así naceron as homenaxes que Lois Tobío ou Vicente Risco recibiron durante a súa estancia en Alemaña en 1930, con versos e caricaturas de cada un dos participantes nas composicións<sup>6</sup>.

Neste contexto nace este *Romance de unha fatal ocasión*, exercicio literario con caligrafías e ilustracións de varios seminaristas que lle dedicaron a Rodríguez Castelao, ausente na última campaña de Deza por atoparse desterrado en Badaxoz. Aínda que o artista era o destinatario principal do poema, a dedicatoria faise extensiva

<sup>3</sup> Carta de Vicente Risco a Filgueira Valverde do 8 de xullo de 1934. En: Filgueira, 227-13

<sup>4</sup> *El Pueblo Gallego*, 7 de xuño de 1936

<sup>5</sup> Neste aspecto é aclaratoria a correspondencia de Filgueira de 1934 aos seus pais: "Estamos en plena fiebre de trabajo. No hay tiempo más que para catalogar iglesias. Llevamos vistas 12 en dos días. Una "Santoral visita"". En: Filgueira, 293-9

<sup>6</sup> Risco viaxa a Alemaña cunha bolsa da Xunta de Ampliación de Estudos. Alí estaban tamén Luis Tobío e Felipe Fernández Armesto. O poema a Risco consérvase na Fundación V. Risco, R495. Véxase ademais o apéndice núm. 6.



a Alexandre Bóveda, tamén castigado en Cádiz, e a Robustiano Fernández Cochón, que ese ano tampouco puideran asistir ao encontro<sup>7</sup>.

Esta composición mantén un argumento, un ritmo e unha unidade estable en toda a peza, o que fai pensar que se trata da obra dun só responsable, ao contrario do que pasa no poema dedicado a Risco, onde cada estrofa co seu correspondente debuxo foi creación dun individuo distinto. Parece lóxico apuntar a Xosé Filgueira Valverde como autor único do texto orixinal pola súa traxectoria literaria e orientación profesional, o que motivou que fose director da Sección de Literatura do Seminario de Estudos Galegos. Tres probas reforzan esta afirmación; no primeiro lugar, descóbrese o seu nome tras a suposta apertura da plica que mantiña o anonimato do poeta no concurso. Máis contundente é o feito de que se conservan no Museo de Pontevedra dúas versións do poema; a definitiva, recibida finalmente por Castelao e custodiada no seu propio fondo documental, e un borrador autógrafo a lapis de Filgueira, con riscos, lixeiras variantes de texto e cunha primeira distribución dos fragmentos que habería de copiar cada seminarista<sup>8</sup>. Por último, dáse a casualidade de que o papel utilizado no borrador orixinal e no texto definitivo do romance é exactamente o mesmo que Filgueira empregou para a correspondencia cos seus pais en 1935 desde Lalín. Todo este material escritorio ten idénticas dimensións e fabricación, identificada coa filigrana dun dragón e o nome da factoría Strong Parchment debaixo. Con todo, son de medidas lixeiramente superiores e de procedencia distinta a cuberta e a carpeta dobre de garda do exemplar final, cunha marca dun muíño de vento sobre un escudo, ou o papel máis gordo coa transparencia de La Papelera que usou Laxeiro para a ilustración inicial.

Case os mesmos argumentos utilizados para certificar o autor son aplicables á determinación da data. Nas palabras da introdución, Filgueira sitúao no ano 1935, o mesmo que aparece na cuberta do exemplar definitivo e que coincide co papel utilizado por Filgueira ese verán.

Ademais destas xeneralidades, todo fai pensar que os acontecementos que se narran no romance son unha combinación de episodios de distintas reunións.

Os traballos de Deza tiveron un seguimento e unha afluencia irregular desde os seus inicios, pero foi nos anos 1934 e 1935 cando se rexistraron as concentracións máis numerosas e definitivas. Efectivamente, parece que no mes de xuño de 1934 chegaron a coincidir máis de vinte e cinco ou trinta seminaristas e a súa estancia en Lalín rexístrase entre o 24 de xuño e o 1 de xullo dese ano<sup>9</sup>. Foi nesta convocatoria cando os irmáns Barreiro, da casa Folk, rodaron unha película sobre os traballos de campo e se sacou a famosa foto do grupo diante da casa de Ramón Aller. O ano seguinte a afluencia de investigadores foi menor, deuse por terminado oficialmente o estudo de Deza e propúxose o seguinte proxecto, "Fisterra", tal como consta na sesión celebrada en Lalín o 1 de xullo ás oito da tarde<sup>10</sup>. A esta convocatoria final xa non acudiron todas as seccións do Seminario; só o

<sup>7</sup> O arquitecto pontevedrés Robustiano Fernández Cochón, Tano, membro do Seminario de Estudos Galegos desde 1934, substituíu como arquitecto da institución a Constantino Candeira, quen marchara a Valladolid por motivos profesionais. Ese ano, con Filgueira Valverde e Sebastián González e baixo a dirección de Xesús Carro, presentaron o traballo de catalogación de cincuenta igrexas da comarca de Deza, das que levantou os planos. En: Filgueira, 245-40 e P2C4/1

<sup>8</sup> Os textos atópanse respectivamente nas sinaturas Castelao, 3-5 e Filgueira, 245-27

<sup>9</sup> *El Pueblo Gallego*, 26 de xuño de 1934

<sup>10</sup> Convocatoria da reunión en: Filgueira, 227-14



fixeron as de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Psicotécnica, Folclore e Etnografía, e Prehistoria<sup>11</sup>. En consecuencia, algunhas ausencias persoais foron moi significativas por motivos ben diferentes que se aclaran no poema, coma as de Xesús Carro, Ramón Otero Pedrayo ou Sebastián González García-Paz.

En canto á forma, no texto orixinal Filgueira escribiu versos pareados de 16 ou 18 sílabas, aínda que nalgúns marcou a división definitiva ao partilos en dous. Fixou a distribución dos fragmentos, máis ou menos da mesma extensión para os transcritores e estableceu a seguinte secuencia: Florentino López Cuevillas, Vicente Risco, Durá, Filgueira Valverde, Brañas, Xaquín Lorenzo, Vidal Rey, Hermida e a intervención imprecisa dos membros presentes do gabinete de Psicotecnía. Todos eles acudiron a Lalín en 1935, pero no exemplar definitivo varía a repartición dos versos e chegan a detectarse 13 ou 14 caligrafías diferentes, a maioría delas moi facilmente recoñecibles. Á nómina orixinal de copistas engádenselle ao final a letra inequívoca de Antonio Iglesias Vilarelle, que remata o poema, e a de Santos Júnior, que ese ano acompañou os seminaristas na campaña<sup>12</sup>. Algúns dos transcritores foron tamén autores dos debuxos que ilustran o romance e aínda que, como xa vimos, houbo grandes ausencias, a obra presentouse como unha homenaxe conxunta de todos os seminaristas a Castelao.

Se analizamos o contido, o romance divídese en tres partes ben definidas. Empeza cunha introdución xeral da actividade do Seminario en Deza, facendo mención á data da xeira, ao aloxamento e aos medios de transporte que utilizaban os investigadores para os seus desprazamentos. O corpo central, o máis longo, fai un repaso polos máis afamados seminaristas e sinala aspectos do seu carácter e dos seus respectivos ámbitos de estudo. Para rematar, nárrese unha soada festa protagonizada polos mozos como peche final do traballo en conxunto.

Iníciase o relato coa caligrafía de Florentino López Cuevillas. A alusión á mañá de San Xoán ten unha significación especial e pode entenderse nun dobre sentido: referíndose a calquera xornada do mes de xuño ou ao día concreto desta festividade. Xustamente foi un 24 de xuño de 1934 cando empezou a xeira máis exitosa de todas, que coincidiu exactamente co día en que, seis anos antes, comezara a campaña de catalogación en terras de Lalín<sup>13</sup>. Porén, en 1935 os seminaristas non acudiron ata principios do mes de xullo e a súa permanencia en Deza tivo unha duración desigual.

Un aspecto de especial importancia para a programación dos recoñecementos sobre o terreo era a campaña de información que precedía as saídas. Buscábase, incluso recorrendo a canais oficiais, a complicidade de colectivos profesionais que actuasen como informantes das peculiaridades da zona e acompañasen os investigadores nos seus desprazamentos, para así limar a desconfianza que puidese levantar entre os paisanos a presenza de tan curiosos excursionistas. Hai constancia, sobre todo nos primeiros anos de actividade do Seminario, de varios episodios desagradables que se produciron por este motivo. Otero Pedrayo relata a Filgueira como “O Risco foi considerado en Ortigueira como ‘home perigoso’ e non nos deixaron dar unha conferencia; no camiño por terras de Chantada, un grande paisano de besta e chaqueta de pana, fuxiu com’un lóstrego ó

<sup>11</sup> *El Ideal Gallego* de 6 de xullo de 1935

<sup>12</sup> A relación entre os profesores de universidades portuguesas e os membros do Seminario foise consolidando co tempo para chegar ao seu punto álxido coa celebración da Semán Galega en Oporto, en 1935. Tras este encontro, o Seminario de Estudos Galegos invitou a Santos Júnior a compartir uns días na campaña de Deza, de onde naceu a idea de aplicar a metodoloxía da institución para un estudo conxunto dos territorios fronteirizos entre os dous países. Os recordos da súa experiencia quedaron recollidos nunha serie de artigos titulada “Saudades da Galiza”, publicados en *O Primeiro de Janeiro*. En: Filgueira, 228-4

<sup>13</sup> Así consta na *Memoria de Arqueoloxía Relixiosa*. En: Filgueira, 261-4



mirar ó Risco de mochila, gafas e estilo. Debeu coidar qu'era unha ialma do Purgatorio"<sup>14</sup>. Pola súa parte, xa en terras de Deza, Martínez López foi retido unha noite de 1928 pola Garda Civil no Corpiño ao ser confundido cun carteirista e fotógrafo ambulante<sup>15</sup>. Aos avisos enviados polo gobernador civil nos que informaba da visita cultural e aos anuncios a mestres, médicos, sacerdotes ou carteiros locais<sup>16</sup> uníanse, ademais, a presenza e axuda de compañeiros do Seminario naturais, residentes ou vinculados á comarca por lazos familiares ou de amizade. Especial peso tiveron, por exemplo, Antonio Taboada Roca, o novo pintor Laxeiro ou o reputado astrónomo Ramón Aller, cuxo observatorio astronómico se converteu nun relaxante pasatempo para o colectivo tras as duras sesións de estudo. Como recordaría moitos anos despois Filgueira Valverde, de noite facían grupos reducidos para contemplar o ceo desde o seu pequeno laboratorio e foi nunha destas xeiras de estudo cando o animaron a que publicase a súa *Astronomía a simple vista*, que finalmente vería a luz en 1948. Nunha bonita imaxe retórica da afección de Aller pola observación celeste, o poema atribúelle o seguimento das rutas dos seminaristas analizando as constelacións: "Na ecuatorial Aller vira / as estrelas que anunciaran / trinta camiños que tecen /autos de Moca y Miranda".

Os seminaristas utilizaban distintos medios de transporte nos seus desprazamentos; ás veces viaxaban ata Lalín en coches compartidos ou autos de liña e, unha vez alí, utilizaban todos os recursos ao seu alcance para dirixirse aos diferentes puntos de estudo<sup>18</sup>. Nas convocatorias masivas, ademais de contar co servizo de taxis ou o préstamo de vehículos particulares, recorrían ao seu aluguer, ben no mesmo Lalín, ben nos lugares de orixe. No poema cítanse concretamente os autos de Moca e Miranda. O primeiro, Moca, era o alcume de Eduardo Suárez Delgado, irmán do recoñecido galeguista Luis Suárez Delgado. Así queda recollido nun estudo local: "E algo había influír Luis para que o seu irmán Eduardo fose o chofer dos membros do Seminario de Estudos Galegos nas súas xeiras por Deza deses anos"<sup>19</sup>. Por outro lado, Xosé Filgueira contrataba regularmente os coches de Miranda desde Pontevedra, cuxos servizos se fixeran imprescindibles para a familia despois da grave doenza sufrida polo seu pai no ano 1934<sup>20</sup>. Por último, tamén se identifica a Higinio Lois, coñecedor da comarca e propietario de varios autos, como prestador destes medios.

O aloxamento dos seminaristas que pernoitaban en Lalín era, entre outros, a Casa do Ferrador. O local pertencía ao industrial lalinense Benito Rodríguez que, ademais de ter un forno de pan, fora empresario de transportes das liñas de autobuses a Pontevedra e a Santiago de Compostela que paraban xustamente diante do seu establecemento hoteleiro<sup>22</sup>. As condicións hixiénicas e sanitarias desta e doutras hospedaxes deberon ser motivo de queixa por parte dos seminaristas. Unha carta de Filgueira resulta moi aclaratoria neste punto:

<sup>14</sup> Carta de Otero Pedrayo a Filgueira Valverde do 11 de agosto de 1927. En: Filgueira, 227-8

<sup>15</sup> Gerardo Álvarez Gallego: "Estudiantes de Galicia. De las tunas de ayer a los seminarios de hoy". En: *Estampa*, 12 de outubro de 1935. Véxase ademais o apéndice núm. 2.

<sup>16</sup> A circular do Goberno Civil informaba do seguinte: "Los portadores de la presente, miembros del Patronato del Museo del Pueblo Español y del Seminario de Estudios Gallegos, realizan una labor de investigación cultural en esta provincia que cuenta con la simpatía y apoyo moral de las Autoridades. Por lo tanto, ruego a todos los dependientes de la mía y demás agentes que le presten toda clase de facilidades, así como el auxilio que puedan reclamarles. Pontevedra, 22 de junio de 1935. El gobernador Civil". En: Filgueira, 227-14. Os avisos a carteiros atópanse en: Filgueira, 227-13

<sup>17</sup> Xosé Filgueira Valverde: "Os ensayos do Dr. Ramón Aller e a prosa científica en galego". En: VII Adral, A Coruña, 1992

<sup>18</sup> Véxase o apéndice núm. 8

<sup>19</sup> <https://historiasdedeza.wordpress.com/tag/luis-suarez-delgado/>

<sup>20</sup> Axendas domésticas de Araceli Valverde. En: Filgueira, 327-9

<sup>21</sup> Carta dirixida a Antonio Taboada Roca o 30 de xullo de 1935. En: Filgueira, 227-14

<sup>22</sup> "Lalín. Fallecemento de don Benito Rodríguez". En: *El Pueblo Gallego*, 18 de outubro de 1934.



“Quenes veñen de ésa? Preciso sabelo para poñer un oficio do Turismo á “Casa do Ferrador” dicindo que iremos tantos e cantos, que dispoñan as cousas e limpen as wáter!!!”. Queda patente que se busca a complicidade das oficinas provinciais de turismo para que fixesen un chamamento ás autoridades lalinenses aproveitando de paso a oportunidade de promocionar a comarca como destino de vacacións: “Esta oficina espera que, seguindo a tradición de anos anteriores, esa casa ofrezca el mejor servicio a los excursionistas y procure mejorar de una manera especial cuanto a higiene de las habitaciones, desinsectación de las camas y limpieza de Waters se refiere...”<sup>23</sup>.

Ademais da limpeza, para facerlle fronte á presenza de molestos insectos nos leitos, “Nas camas chinchas de ouro / nas sabáns pulgas de prata”, o máis indicado era, sen dúbida, Luis Iglesias. Como director da Sección de Ciencias Naturais, estudoso da zooloxía e coordinador dun consultorio de pragas do campo, tiña nas súas mans o truco ou “solimán” para combater o indesexado ataque animal.

A mención a Luis Iglesias introdúcenos de cheo na segunda parte do romance, á que se sumou enseguida Vicente Risco na loita contra a praga; deu a casualidade de que é o mesmo Risco quen escribe o fragmento referido a si mesmo e quen fai a autocaricatura que o acompaña. Ataviado con “cota, jersé e polainas”, esta pasaxe, sen dúbida, ten a súa orixe nun suceso do ano anterior que menciona Gerardo Álvarez Gallego cando xustifica ante Filgueira a súa tardanza en chegar á xeira de 1934: “Contrarioume a cousa. Penso que podería saír algunha cousa de certa axilidade, somentes con sorprender o ‘cachet’ de bandido mexicano que, pol-o visto, levaba Tafall, o auto acordeón en que levástedes un día a toda a numerosa familia de un crego ‘prolífico’ e a singular e denodada loita do Risco coas feras do catre”.<sup>24</sup>

Son claves nesta pasaxe tres alusións inequívocas á procedencia e obra de Risco. A primeira é a mención a Castro Caldelas, lugar de nacemento do director da Sección de Etnografía e Folclore. Por outro lado, na contenda contra os insectos acompañábo Xocas, quen adoptaba métodos moito menos belixerantes que os do seu amigo, “Pra adormentalas o Xocas / ‘El bufón d’El Rei’ chamaba”, cando aludía ao drama en catro actos composto e lido por Risco na sesión do Seminario do 24 de xaneiro de 1925, premiado na Festa da Lingua Galega de 1926 e finalmente publicado por Nós en 1928. Coa mesma finalidade sedante cantaba tamén o Xocas a seguidilla que se convertería no lema do romance, “Non hai mais tarantán”, que, como dixemos anteriormente, fai alusión á fragilidade do seu aspecto.

O seguinte fragmento, transcrito por Paulino Pedret, refírese conxuntamente ás figuras de Filgueira Valverde e Xesús Carro. O primeiro, que “con grandes voces chamaba / que lle acorresen dos lobos / xentes da súa compañía”, descóbrenos así a súa natureza asustadiza, desconfiada e precavida ante calquera imprevisto. Esta condición facíalle planificar escrupulosamente e con antelación as saídas de estudo para sacarles o mellor partido aos recursos dispoñibles. As súas axendas persoais dan cumprida conta dos recoñecementos individuais previos ás excursións conxuntas e de como organizaba a distribución e os percorridos dos coches, que ás veces tiñan que facer varias viaxes para darlles cobertura a distintos equipos de traballo<sup>25</sup>. Precisamente, foi un contratempo cun automóbil o que deu lugar a unha divertida anécdota que quedou recollida polo Servizo de Prensa do Seminario e fixada na memoria colectiva, chegando a publicarse por antigos seminaristas en revistas

<sup>23</sup> Carta de Filgueira a Florentino López Cuevillas do 9 de xuño de 1934 e borrador de comunicado do presidente do Seminario de Estudos Galegos ás oficinas provinciais do 20 de xuño de 1934. En: Filgueira, 227-13

<sup>24</sup> Carta de Gerardo Álvarez Gallego a Filgueira do 4 de xullo de 1934. En: Filgueira, 227-13

<sup>25</sup> Apuntes en: Filgueira, 261-5



e periódicos da época<sup>26</sup>. En canto a Xesús Carro, director da Sección de Arqueoloxía e Historia da Arte desde 1930, “no outro seminario entrara / exercicios que facía / saudades que alí choraba”, lamentaba a propia ausencia na actividade de campo e o afastamento dos seus amigos na xeira; no verán de 1935 atopábase facendo exercicios espirituais en San Martiño Pinarío de Santiago de Compostela<sup>27</sup>. Como anécdota curiosa, Filgueira relata que, polo xeral, os paisanos pensaban ao principio que el mesmo e Otero Pedrayo eran os cregos ou cóengos do grupo; este equívoco deu lugar á simpática confusión na que Filgueira acabou colaborando como cooficiante nunha cerimonia de bautismo ante o xúbilo de Xesús Carro, que aquel día pasou desapercibido na súa condición de relixioso por ir vestido de paisano<sup>28</sup>.

Tampouco asistiu ese ano a Lalín Sebastián González García-Paz, que formaba parte da Sección de Prehistoria baixo a dirección de Cuevillas, aínda que foi un dos que, con Carro, Filgueira e Fernández Cochón, presentou no Seminario en 1934 a *Memoria de Arqueoloxía Relixiosa* mencionada anteriormente. Estaba pendente das oposicións á Cátedra de Historia da Arte da Universidade de Murcia que entón se realizaban en Madrid, “Sol de Madrí que o collera / sol de Madrí que o queimara”, motivo polo que tampouco se atopa a súa caligrafía entre os amanuenses do poema. Tal como se menciona no romance, “No xamón o pensamento”, era recoñecido entre os seus compañeiros a súa debilidade por catar os produtos gastronómicos da zona, que era o primeiro que demandaba en canto se lle daba a ocasión<sup>29</sup>.

Tanto no orixinal autógrafo coma no exemplar final, Filgueira resérvase escribir as pasaxes dedicadas a Xosé Ramón Fernández-Oxea e a Ramón Otero Pedrayo, ambos os dous tamén ausentes en Deza en 1935. “Do Ben Cho Shey non se viran / o albornoz nin a chilaba” fai unha clara alusión a través da vestimenta á súa experiencia a principios dos anos 20 como correspondente en Marrocos durante a guerra do Rif, vivencias que publicaría posteriormente no ensaio *Crónicas de Marruecos*. A súa colaboración coa institución era intensa e continuada, e tras o remate do de Deza, decidiuse o estudo da zona de Quiroga, na que parece que foi el o encargado de facer os primeiros recoñecementos e de organizar o proxecto, “cos seus riles en Quiroga / isométrico calara”.

Pola súa parte, Otero Pedrayo berraba desde o Castromil “Irmáns cara Bergantiños / agora o Fisterre chama”. O director da Sección de Xeografía dera por terminado o seu traballo en Deza o ano anterior e empezaba por aquel entón a planificación de Fisterre, territorio ao que xa lle fixera visitas esporádicas e cuxa campaña tiñan pensado empezar oficialmente en 1936<sup>30</sup>. O alzamento de xullo e a posterior Guerra Civil truncou o plan e, cando en 1942 Filgueira lle ofreceu participar na expedición da Terra de Morrazo ao abeiro do novo Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, Pedrayo rexeitou amablemente a invitación cunha fermosa carta escrita en verso na que argumentaba a vellez e saúde da súa nai<sup>31</sup>. O que queda patente no romance é, en verbas precisamente de Filgueira, “a presenza esgrevia de Otero Pedrayo”, a súa sabedoría e o respecto incuestionable que inspiraba como autoridade e mestre: “-báculo, toga, canada- / pazo de verbas i-escuma / piñeiral de leda fala”.

<sup>26</sup> Op. Cit. nota núm. 17. Véxase ademais o apéndice núm. 7

<sup>27</sup> Carta de Filgueira aos seus pais do 5 de xullo de 1935. En: Filgueira, 294-1

<sup>28</sup> Xosé Filgueira Valverde: “As festas”. En: *Galicia en Madrid: Revista de Letras Galaico-Hispánicas*, xullo-setembro, 1988. Véxase ademais o apéndice núm. 9

<sup>29</sup> Véxase o apéndice núm. 10

<sup>30</sup> Notas de Filgueira. En: Filgueira, 294-1 e 245-36

<sup>31</sup> Xosé Filgueira Valverde; Ramón Otero Pedrayo: *Epistolario*. Museo de Pontevedra; Sociedad Estatal de Conmemoraciones Estatales, Pontevedra, 2009



O texto que copia Xaquín Lorenzo fai mención a dúas seccións totalmente diferentes. No laboratorio de Xeoloxía, dependente da Sección de Ciencias Naturais, pon na figura de Pedro Brañas Cancelo, discípulo de Parga Pondal, o traballo de recollida de minerais que se viña realizando “marrete de ferro ao lombo / búsola ao colo deitada”, exposto ao sol e ao po dos camiños. Os túneles e trincheiras das obras do ferrocarril entre Ourense e Santiago de Compostela ao seu paso por Deza facilitaron o labor para a confección do Mapa Xeolóxico de Galicia. Tamén iniciaron a colección de rocas do Seminario, entre as que se atoparía posiblemente a pedra serpentina que estaba encaixada nun muro e que deu lugar a unha curiosa anécdota, tamén recollida polo Servizo de Prensa<sup>32</sup>. Contrasta a faena ao aire libre de Xeoloxía co estudo que levaba a cabo o equipo de Ciencias Sociais nos arquivos de pazos e reitorais: “Tres escribanos viñeran / con Durá en Santa Compañía / remexeran os arquivos / tercio e quinto melloraran”. Era inevitable que coas súas indagacións non tropezasen enseguida coa ancestral liñaxe do compañeiro Antonio Taboada Roca, “curmán de reises antergos / neto de fidalgas fadas”, e, polo tanto, membro dunha familia profundamente enraizada na comarca. Ademais de Durá e dos seus axudantes, o traballo de recollida de datos en fontes documentais enriqueceuse tamén coas achegas doutros moitos seminaristas coma Xesús Carro, Paulino Pedret, Xosé Filgueira ou o propio Taboada Roca, que había de continuar a investigación da xenealoxía dos pazos galegos con Durán Loriga na década dos anos corenta.

Continúa escribindo Felipe Cordero Carrete e fai unha breve alusión a Paulino Pedret Casado, quen “... lles dixera xa / sermón das trece palabras”, polo que resalta o papel do sacerdote na difusión e normalización da lingua galega no culto relixioso por medio de charlas radiadas, tal como recordaría Filgueira moitos anos despois<sup>33</sup>. Con Xesús Carro e Ramón Aller portando o estandarte, participou na procesión do Sagrado Corazón celebrada en Lalín en 1934 con motivo do traslado da nova imaxe realizada polo artista José Rivas Rodríguez<sup>34</sup>. Ademais, Pedret foi director da Sección de Filoloxía desde 1930, tras as etapas de Cotarelo Valledor e Moralejo, e como resultado do seu estudo lexicográfico en Deza, “oitenta verbas collera / oitenta verbas sacara”, aínda que parece que con poucas conclusións definitivas, “oitenta froitas de mel / que para sí gardara”.

Pola súa parte “Tafall cos tres mosqueteiros / de andar por Deza rematan” e volveron a Pontevedra coas vestimentas e co instrumental utilizado para os estudos de bioloxía e botánica gardados nun caixón. A capacidade didáctica de Osorio Tafall no ámbito das Ciencias Naturais quedou amplamente documentada coa súa participación no Curso de Extensión Escolar celebrado en Pontevedra entre xullo e agosto de 1935 e da que se conserva a mostra gráfica onde se lle ve ensinando os alumnos a tomar mostras das augas da ría<sup>35</sup>.

A intervención do profesor portugués Santos Júnior no poema detéctase na escritura da pasaxe alusiva a Florentino López Cuevillas. A presenza da “elegante galanura” que transmitía Cuevillas e coa que o evoca Filgueira<sup>36</sup> queda ben patente nos primeiros versos que o mencionan: “Frasco de cheiros sutís / bolvoreta na corbata / a calva espello do sol / calças de delgada raia”. A actividade á fronte da Sección de Arqueoloxía non

<sup>32</sup> Xosé Filgueira Valverde: “O que foi o Seminario de Estudos Galegos”. En: *Cadernos do Laboratorio de Formas de Galicia*, núm. 5, 1978. Véxase ademais o apéndice núm. 1

<sup>33</sup> Xosé Filgueira Valverde: “Limiar” á edición facsímil de Logos. *Revista de cultura relixiosa*. Edicións Sotelo Blanco, 1983. Filgueira menciona neste prólogo o sermón radiado das “Sete palabras”.

<sup>34</sup> Carta de Filgueira aos seus pais. En: Filgueira, 293-9

<sup>35</sup> Caderno con materiais do Curso de Extensión Escolar. En: Filgueira, 228-4

<sup>36</sup> Xosé Filgueira Valverde: “Lembranza de Vicente Risco”. Orixinal manuscrito en: Filgueira, 205-31





estivo exenta da desconfianza dos veciños e de situacións comprometidas, das que o salvou precisamente a súa boa presenza<sup>37</sup>. Na zona de Deza chega a catalogar cerca de trinta castros, aínda que facía extensivo o traballo a outras materias ou disciplinas, que se resumían de forma xenérica coa observación de “eixos, traves ou falas”.

Tras un rápido repaso polas tarefas relativas a Etnografía e Folclore coa participación de Vidal Rei, Taboada ou Hermida na recollida de xogos ou cantos, acábase o percorrido polas distintas seccións de estudo coa alusión ao importante papel pedagóxico de Antonio Iglesias Vilarelle cos alumnos Seoane, Míguez e Fontenla á fronte do laboratorio de Psicotecnia, que se puxera en marcha o ano anterior. “Dous equipos pedagóxicos / pol-as escolas andaban / aos finos tests sucederan / pedagóxicas lobadas”, que analizaban nas escolas rurais as distintas capacidades dos nenos por medio duns cuestionarios que supuxeron un avance moi vangardista no momento, mesmo a nivel europeo: o test das cen preguntas de Ballard, a proba de debuxo de Goodenough, a de rapidez de cálculo de Claparède, a de comprensión lectora de Galí e os tests de vocabulario tanto en galego coma en castelán<sup>38</sup>.

Os últimos versos do romance, de varias caligrafías, entre as que tan só se recoñece a intervención final de Antonio Iglesias Vilarelle, fan alusión a unha festa improvisada que celebran os seminaristas no aloxamento de referencia: a Casa do Ferrador. Queda constancia das homenaxes que o Concello de Lalín lles ofreceu aos membros do Seminario de Estudos Galegos nos veráns de 1934 e 1935, este último celebrado no Hospitalillo e coa participación dos gaiteiros Dezas de Moneixas<sup>39</sup>. Porén, á marxe deste recoñecemento oficial, o romance describe unha monumental esmorga na que se viron implicados todos os colegas e na que se focalizaba a responsabilidade da acción nos tres novos colaboradores de Iglesias Vilarelle no laboratorio de Psicotecnia; “Fontenla, Míguez, Seoane / nocturno estronicio armaran”. As consecuencias do desenfreo, propio de “ovos, vándalos y alanos”, deberon ser célebres. Ao parecer voaron almofadas, colchas e colchóns, rompéronse camas e incluso aparellos de traballo, “de Risco a cámara fragan”. Ao escándalo non foi allea a veciñanza e acudiu todo o pobo, que se menciona retoricamente baixo a alusión ao seu alcalde, cuxos apelidos aluden a oficios ben comúns, “Do Ferreiro ao Panadeiro”.

É especialmente divertida a pasaxe dedicada a Filgueira, que naquel momento tiña 29 anos e aínda tardaría tres máis en coñecer e contraer matrimonio con M.<sup>a</sup> Teresa Iglesias Oscáriz. Esta persistente solteiría foi motivo de mofa entre os seus compañeiros e tamén de preocupación no círculo familiar máis achegado, como el mesmo lle contaría a Otero Pedrayo cando lle comunica o pasamento do seu pai en 1938<sup>40</sup>. Con este precedente, os seminaristas “O casto leito luxaran / de Filgueira, con Teolinda/ feita dun mollo de palla”. A Filgueira, dotado dun fino sentido do humor non sempre ben entendido, faltoulle tempo para honrar tan singular boneca bautizada como Teodolinda co seu nomeamento de raíña das festas dos supostos Xogos Florais aos que se presentaría este *Romance de unha fatal ocasión*.

<sup>37</sup> Véxase o apéndice núm. 4

<sup>38</sup> No Museo de Pontevedra consérvanse os resultados de estas probas, aplicadas a diferentes niveis durante os anos 1934 e 1935 nas escolas de Deza. En: Filgueira, 453, 454 e 455

<sup>39</sup> <https://historiadeza.wordpress.com/2018/01/23/los-trabajos-del-seminario-de-estudios-gallegos-en-la-tierra-de-deza/>

<sup>40</sup> Carta de Filgueira a Otero Pedrayo de outubro de 1938. En: Filgueira, 315-14



Como se ve, esta obra fai un repaso polos membros máis activos e afamados do Seminario de Estudos Galegos, ao tempo que transmite o espírito de colaboración e camaradería que reinaba entre eles, especialmente nas xuntanzas das xeiras. As discrepancias entre os compoñentes da institución foron, por suposto, moitas, pero souberon sobrepoñerse a elas e facer prevalecer por enriba de todo a magna empresa que tiñan como meta. Este legado literario é todo un canto ao compañeirismo e ao traballo en común, base sobre a que se asentaron os principios do Seminario de Estudos Galegos.

## AS ILUSTRACIÓNS DO ROMANCE

Algúns dos transcritores do romance foron tamén autores dos debuxos que o ilustran. Na presentación da obra figuran citados pola orde en que se executaron os seus traballos Laxeiro, Gómez Román, Risco, Xaquín Lorenzo e Hermida.

A primeira obra, totalmente exenta do poema e a máis significativa, é a de Laxeiro. Manuel Otero Abeledo, natural de Lalín, entrou en contacto con membros do seminario tan relevantes coma Castelao, Otero Pedrayo ou Risco durante a súa estancia en Madrid como bolseiro entre 1931 e 1933. A súa ilustración ocupa unha folla completa debuxada a lapis negro e vermello e está asinada no ángulo inferior dereito. A disposición divídese en dous planos; no superior, unhas figuras alegóricas contemplan as escenas que se desenvolven na parte inferior, que parecen reflectir un mundo moito máis terreal, aínda que non exento de imaxes simbólicas, que co particular universo do autor aluden ao mundo máxico da tradición cultural galega. Pódense recoñecer algúns motivos relacionados co contido do romance: un muíño de maquiá, os caxatos dos camiñantes, as árbores, animais ou lápidas obxecto de estudo, as estrelas que contemplaba Aller desde o seu observatorio ou os rapaces das escolas de Deza. Incluso se adiviña a figura de Teolinda, que ocupa un lugar privilexiado na composición.

Na marxe esquerda da primeira páxina atópase un carbón asinado polo debuxante e arquitecto Manuel Gómez Román, director da Sección de Ciencias Aplicadas, creada en 1933, que representa a torre Berenguela da catedral de Santiago de Compostela.

Na metade superior da segunda folla Risco retrátase a si mesmo cun carbón vermello, montado nunha escoba e ataviado con pantalón a cadros, sombreiro e polainas. O rostro ten trazos caricaturescos, entre os que destaca o seu particular nariz apuntado que expresa á perfección o dito: “E na nariz un bilisco, Risco”<sup>41</sup>. A sinatura combina as iniciais do nome do autor, VR.

Caricatura é tamén a que Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas, lle dedica a Xosé Filgueira na páxina seguinte, que ocupa toda a marxe do papel e combina o lapis de color vermello e o de grafito. O inconfundible Filgueira, ataviado con traxe e garabata, represéntase esmagando coa súa man esquerda un corazón sanguento mentres mantén na dereita a boneca de palla coa que os seus compañeiros lle gastaron unha broma.

<sup>41</sup> Nota de Filgueira sobre Vicente Risco. En: Filgueira, 71-22

Hermida tamén utiliza a bicromía na súa colaboración. Mentres dous seminaristas toman medidas enriba dun monte, unha cámara fotográfica está situada diante dunha casa grande ou pazo para captar a súa imaxe. A sinatura do autor non está clara, pero parece adiviñarse o H do seu apelido no chan, debaixo do artefacto<sup>42</sup>.

Por último, vólvese repetir a intervención de Xaquín Lorenzo. Nesta ocasión representa moi esquematicamente a Castelao, cunha maleta na man dereita e unha carpeta baixo o brazo esquerdo, mentres se dirixe por un camiño zigzagueante cara a Lalín, dirección sinalada nun indicador da ruta. Os dous debuxos de Xocas están claramente asinados polo autor.

Pola súa parte, o borrador orixinal de Filgueira acompáñase de dúas ilustracións. Na primeira hai un bosquexo a lapis sen sinatura e atribuído ao mesmo Filgueira que representa un grupo de cinco persoas, entre as que se atopa un relixioso, observando dous óvidos nun campo. A clara disposición dos elementos en dous planos diferentes recorda a que empregaría Laxeiro na súa única intervención. Cerra o autógrafo outra imaxe anónima que é unha copia exacta do debuxo de Castelao feito por Xaquín Lorenzo, aínda que neste caso o artista encamiñase á cidade de Badaxoz.

## APÉNDICE DOCUMENTAL

A difusión da actividade do Seminario por parte da prensa foi un dos piares sobre os que se sustentou a dinámica da institución. Entre os orixinais das notas para estes medios que conserva Filgueira no seu Arquivo atópase un conxunto de dez anécdotas mecanografiadas e recollidas en papel timbrado do ‘Servizo de Prensa do Seminario’. Estas “experiencias” recollidas ao longo do tempo no contexto das xeirás resultan moi aclaratorias de pasaxes que se mencionan no *Romance dunha fatal ocasión*.

### Apéndice núm. 1

#### Geoquímica y trasacordo

En Lalín. La sección de Ciencias trabaja en el mapa geológico de la tierra de Deza. Parga, con un grupo alegre de discípulos [picos, martillos, trajes deportivos] se detiene ante un valado: en el muro un soberbio ejemplar de serpentina, sobre el muro, recodado, un petrucio, señor de la finca. Los rapaces se acercan al valado y golpe va, golpe viene, la serpentina va saliendo y el muro desmoronándose. El petrucio, asombrado, sigue la escena sin articular palabra. Por fin, insinuante, dice a Parga Pondal:

— Ei, señor, e Vde. porque non malla na cabeza, que é súa, e non no valado, que é meu!

<sup>42</sup> Vicente Fernández Hermida sería o encargado de facer as maquetas de casas labregas galegas para o Seminario de Estudos Galegos e parte dos debuxos da publicación *Parroquia de Velle*, xunto con López Cuevillas e Xaquín Lorenzo, editada en 1936.



## Apéndice núm. 2

### Folklore del Corpiño

1928. Martínez López aparece en la Campaña de Catalogación con su flamante cátedra de Ibiza y su nuevo traje de campaña. Le hierva el folklore en el cuerpo y en la noche de San Juan se marcha, solo, a la romería del Corpiño. Lleva unas ganas locas de trabajar y un carnet de catedrático aún no estrenado. Al día siguiente retorna tarde, mustio y sin dato alguno. Sus compañeros de Seminario no logran averiguar la causa, llegan a tener sus sospechas de cualquier aventura. Pero, en la primera parroquial donde hace alto, el cura sugiere fiducial a Carro:

— E Vdes. veñen co carteirista ese que prenderon onte no Corpiño!

Efectivamente Martínez López había sido detenido, ¡por carterista!, cuando anotaba afanosamente en su cuaderno de notas los ritos tradicionales. De nada valiera su carnet. La Guardia Civil decía:

— Pero hombre, con que catedrático, ¿eh?, ¡cómo si ayer no te hubiéramos visto de fotógrafo ambulante...!

## Apéndice núm. 3

### Bautismo lingüístico

Filgueira Valverde, González García y un arqueólogo incorporado de hacía poco a las labores del Seminario se hallaron a boca-noche ante unos pavorosos pasales en una revuelta del Deza. Filgueira, prefiriendo el baño voluntario, al remojón por sorpresa vadeó el río con segura calma. González García traspuso a saltos los pasales creyendo aminorar el peligro con la velocidad del paso. Solamente el neófito se detuvo a tantear el terreno, pasó una o dos “poldras”, paró y... cayó, cayó con una de esas caídas razonadas que parecen tomadas con cámara de movimientos retardados. Y al caer fue diciendo:

— Móxome e el poblo está lexos!

Estas solemnes palabras que quisieron ser dichas en gallego fueron seguramente uno de los primeros tanteos lingüísticos de un hombre eminente que es hoy uno de los autorizados cultivadores de la prosa científica en nuestro idioma.

## Apéndice núm. 4

### En los castros, el peligro

Lo peligroso de las expediciones catalogadoras son los castros. Una iglesia, un dolmen, un monumento aislado no tiene los riesgos de catalogación que ofrece el castro: medidas lentas, intereses de vecinos sobre aprovechamientos, temores de reparto o de nueva contribución, saqueo de legendarios tesoros...

Los catalogadores se defienden: trazarán una carretera, vienen a ver si desvían el ferrocarril, son ingenieros o los manda el gobierno para hacer estudios “meteorológicos”... Pero hay otra defensa. Que vaya cierto apuesto y “loiro” prehistoriador. Entonces viejas y mozas que vienen con los legones al hombro en aire de lucha tribal, se miran entre sí e inician las paces diciendo:

— É bonito coma un sol.



## Apéndice núm. 5

### Valoración artística

1926. Primeras campañas de catalogación. Un cacique local visita deferente a los seminaristas en su hotel. Se cambian impresiones de la labor realizada.

- ¿Qué es lo que más les ha gustado en la comarca?
- Rotundamente la parroquia de San Breixo, es formidable. Un ejemplar único.
- También yo la tengo en mucha estima.
- Eso dice mucho a favor de sus gustos artísticos.
- Y tanto. Vuelco el censo.

## Apéndice núm. 6

### Poesía colectiva

Terminados los trabajos de campo, al anochecer, los autos van llegando a la posada rural donde el seminario centraliza sus trabajos de catalogación comarcal. Los primeros en llegar son los de las secciones de Ciencias. Han caminado largamente al sol por las divisorias, lejos del abrigo de las *carballeiras* sombrías, han probado el agua de todas las fuentes, se han bañado en los regatos... Después vienen los arqueólogos, de labor más pausada, el trato hecho melosamente a la conversación burguesa de los propietarios (de los) pazos, de los párrocos rurales, de los archiveros de protocolos. Más tarde los folkloristas, con su algazara de cantos y sus grandes cuadernos de dibujos. Los últimos, los prehistoriadores, molidos, cansados, deshechos...

Toda la gente se pone a alabar desenfrenadamente la labor del día, en los pasillos, en los cuartos, en el comedor. Pero cuando empieza la comida, en el silencio ritual del caldo comienza a circular una cuartilla. Es la carta en verso a los ausentes. Dos versos por cabeza, en cualquier lengua clásica o moderna y un dibujo por cabeza.

¡Qué hallazgo para un coleccionador de autógrafos aquella carta que Tobío y Risco, pensionados en Berlín, recibieron desde la tierra de Deza, donde había desde el hexámetro latino de Moralejo al endecasílabo anapéstico de Ramón Otero pasando por el pareado de Alfonso Castelao!

## Apéndice núm. 7

### Accidentes

Los Fords paisanos no siempre responden al honor que los “seminaristas” les otorgan. Es frecuente que una sección salga en auxilio de otra, o que desde cualquier punto lejano llegue al centro de reunión el aviso apremiante de unos misioneros detenidos a muchos kilómetros sin hogar próximo. Pero otras veces, escasísimas por fortuna, se produce un accidente. Entonces hay conversación larga.



Quien más teme a los autos es Filgueira Valverde. Los examina antes de la partida y dicta al chófer una amplia serie de normas discretas. Luego impone ciertas condiciones de velocidad para pasos difíciles. Donde él vaya obrará el azar, pero no la imprudencia.

Y una vez, en la carretera de Carballiño a Ribadavia, yendo con Ben-Cho-Shey y con Sebastián González, Filgueira observó que precedía al coche, en una vertiginosa bajada zigzagueante, una rueda. Y lo indicó al chófer:

— É curioso, eí queda rodando unha roda de Ford!

— É nosa - dijo el chófer entre virajes de vértigo.

— Pois si non para a collela, nos estampinamos - sentenció Ben-Cho-Shey, poniendo una nota de humor en fragoroso estrellarse del coche contra unas rocas del precipicio.

## **Apéndice núm. 8**

### Cabalgadas na Montaña

Una vez Risco cedió la cabalgadura a un discípulo. El maestro caminaba a pie, charlando con el espolique. El discípulo se conservaba vacilante sobre el caballejo en trotecillo corto. Pasaron kilómetros, se hicieron fotos y dibujos, se detuvieron los viajeros ante casas rurales, ante posadas, ante fuentes. El discípulo todo lo hacía a caballo: fotos, dibujos, beber, recoger romances. Risco creía que sería por egoísmo en el cansancio, pero el caso era que el discípulo no bajaba. Y cuando lo insinuó levemente, oyó asombrado:

— É que vou montado porque... non sei baixarme!

## **Apéndice núm. 9**

### Cleros

Después de bien medida la parroquial, de anotadas las inscripciones, de vistos los documentos y los ornamentos, de probadas las frutas del pomar y alabada el agua fresca del pozo, después de subir a la torre y recorrer las capillas, los “seminaristas” se disponen a partir. Pero el cura inicia una petición:

— Marcháronme os monaguillos, non está o sacristán... ¿si algún de Vdes. quixese axudar a un bautismo!

Los arqueólogos ganosos de complacer, asienten, y Sebastián González recalca:

— Non soio para axudar, si quere que un de nós o faga, crego non falta!

El cura busca a su compañero en el grupo de los expedicionarios. Desecha a Sebastián González, a Risco mismo, al propio Don Jesús Carro que lleva un traje de camino cortado en Londres... y se refugia en Filgueira:

— Pois, cando Vde. queira.

Y mientras Carro se frota las manos regocijado en el equívoco, Filgueira cumple sus funciones con solemnidad ritual. El cura está orgulloso de su acólito, los seminaristas asisten al bautizo encantados, la madrina



misma parece muy satisfecha... solo el padrino refunfuña por lo bajo. Y por fin, rematada la ceremonia, busca en el pórtico a Filgueira y le dice:

— Mire, señor abade, eu pedinlle ao crego un bautizo rezado, e non un bautizo de dúas capas. Vde. disimulará. Pero eu non podo darlles máis que dous pesos. Vdes. repartan.

### **Apéndice núm. 10**

“Gloria do porco, fror da invernia...”

Sebastián González tiene una pasión dominante: el jamón. No bien llega a una aldea, pregunta cuidadosamente por las calidades locales del jamón con igual cariño que si se informase de la situación de la “citania”. Ramón Otero Pedrayo comparte sus fervores, pero es más prudente en su expresión. Y no pierde momento de recordar al prehistoriador sus pasiones gastronómicas. Una vez, en Monforte, los “seminaristas” fueron de compras a una tienda de ropa blanca:

— Vdes. dirán.

— Unas camisolas baratas.

— ¿Y Vd. caballero? —(El caballero era Sebastián González).

— El señor desea unas lonjas de jamón - dijo Otero Pedrayo.

Y el dependiente lo tomó en serio, subió a la casa y las trajo. Y Sebastián González las tomó.

